

*Lupe Gómez*

# O ÚTERO DOS CABALOS

VIII PREMIO DE POESÍA JOHÁN CARBALLEIRA



ESPIRAL MAIOR  
POESÍA



## PRÓLOGO

Este desconcertante título, *O útero dos cabalos*, explica ben o carácter de transgresión que atravesará toda a obra de Lupe Gómez. Despreocupada pola lóxica e as normas, desobediente aos disfraces das rimas, toda a súa poética ten como santo e seña a extrema liberdade das verbas e dos corpos. Tamén nesa fórmula de voluntario desacato instalan a súa creatividade numerosos artistas. Textos sen bifurcacións, de fluxos e refluxos, frases breves que recomenzan onde acaban, reactivanse, xustapóñense, enrédanse coma cereixas e xiran todos arredor dun único círculo. É un diario persoal onde a autora expresa os seus sentimentos. Lonxe de metafísicas, ela exhibese coma peza central, provocadora, utilizando palabras de alta voltaxe: sexo, sangue, amor libre, entrega, nudez, crocodilos, rasgar as vestiduras, abrirse de brazos e pernas, un géyser dos sentidos que dá saída a esa forza interior que a oprime.

*O sexo libérame  
da paz morta.*

*Non son guapa nin fea,  
son violenta.*

É ás veces aparece, como seda enigmática, unha princesa a moverse no círculo.

Con todo isto non lemos a historia completa. Lupe está moi atenta a ver pasar a paisaxe do seu amado Fisteus, materia prima que fixo dela o que hoxe é. É aí, dentro das murallas, onde



as pezas do *puzzle* encaixan perfectamente: o ceo azul, a inocencia da nena, os seres queridos, a mirada mansa das vacas. Fisteus, póla esgazada dun bosque, ese escondido zume que aínda queda.

*Vivo na sinceridade alucinada  
da infancia.*

Ben ao fondo tanteamos o rostro dunha auténtica actriz que se achega ao centro da escea con seguridade e ofrece ao público a súa voz torrencial. Se cadra, a ela, como a tantas outras, o lume das palabras –querer queimar todo o que amamos dentro– a salve das dúbidas ou da melancolía, que unha cousa leva á outra. Pero iso é un conto xa moi vello.

Coñecín a escritora recentemente en Compostela. Sentada no Casino, a cara redonda, os ollos sorridentes, atenta... para min que andaba metida no espellismo dun café de bulevar con farolas brancas e a chuvia. Non vos perdades este verso:

*Galicia é un cabaré  
nas sombras.*

Souben entón que ela nunca gastaría o tempo en dedicarlle unha soa liña ás áureas laranxas que escintilan na escuridade e que tanto deleitaban a Goethe.

Lupe impúdica, paixón verdiazul, a muller que baila namorada nun camiño cortado, núa. É a presenza dunha creadora que leva tan só, na cabeza, a súa ousada poesía por sombreiro.

Lonxe, a casa dos pais, onde están parados todos os reloxos.

XOHANA TORRES  
*Vigo, 2005*